PREMIOS E RECOÑECEMENTOS DO SERVIZO DE CARDIOLOXÍA



O enorme esforzo que desenvolvemos no deseño e aplicación de estratexias asistenciais de integración, mellora e innovación na nosa área, e os excelentes resultados logrados, foron recoñecidos pola Fundación Avedis Danabedian co premio Consorci de Salut i Social de Catalunya: Integración Asistencial. Así mesmo, fomos galardoados cos premios BIC (Best in Class) ao mellor Servizo de Cardioloxía de España por tres anos consecutivos (2013, 2014 e 2015), así como o Proceso Asistencial de Insuficiencia Cardíaca (2015).

EXCELENCIAS DO SERVIZO:

- Xestión Integrada por Procesos Asistenciais (cardiopatía isquémica e rehabilitación cardíaca, insuficiencia cardíaca, arritmias, valvulopatías)
- Unidade de Coidados Coronarios Agudos (10 camas) e Unidade de Coidados Coronarios Intermedios (14 camas)
- Planta de hospitalización (36 camas) con telemetría
- Unidade de Dor Torácica
- E-consultas (on-line) programa pioneiro en España
- 2 salas de electrofisiología (radioscopia dixital rotacional)
- 2 salas de hemodinámica de alta gama, con programa de anxioplastia primaria 24 horas e programa de implante de prótese valvulares percutáneas e Mitraclip
- Programa de Asistencia Ventricular
- Ecocardiografía 3D, SPECT, PET cardio-resonancia e angio-TC coronario con PACs propio
- 3 laboratorios de investigación básica (modelos animais, modelos celulares)
- 53 publicacións en revistas indexadas no Journal Citation Reports
- Reunións diarias e reunión anual para análise de datos por seccións e fixar obxectivos de melloras
- Programa de Rehabilitación Cardíaca e Prevención Secundaria

Ordenar

Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

Servizo de Cardioloxía

Páxina 1 de 1 1

Elementos por páxina 10

Clasificación

Categorías:

- Público, Cidadanía, Profesionais, Persoal licenciado sanitario, Investigadores/as
- Temas, Oferta asistencial, Servizos sanitarios, Información sobre saúde, Formación e Docencia